

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2014, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, relativa á publicación do modelo definitivo de respostas dos distintos exercicios e as puntuacións provisionais da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo especialista de área, convocado pola Resolución do 30 de abril de 2013.*

A base oitava da Resolución do 30 de abril de 2013, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo especialista de área do Servizo Galego de Saúde, establece un prazo de cinco días hábiles seguintes ao da publicación dos modelos provisionais de respostas para que os/as interesados/as poidan presentar reclamación contra os exercicios.

Se o tribunal de oficio, ou con base nas reclamacións presentadas, anula algunha ou algunhas das preguntas incluídas nun exercicio anunciarao na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Neste caso serán tidas en conta as preguntas de reserva, que terán unha puntuación igual que o resto das preguntas do correspondente exercicio.

A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na resolución pola que se publiquen as puntuacións provisionais e as respostas definitivas dos distintos exercicios, que se efectuará na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Á vista das impugnacións presentadas en prazo, este centro directivo, de conformidade coa antedita base,

#### RESOLVE:

Primeiro. Dar publicidade, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) ao modelo definitivo de respostas correspondente a cada un dos exercicios que integran a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, convocado pola Resolución do 30 de abril de 2013, aprobada polos respectivos tribunais.



Segundo. Publicar, na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), as puntuacións provisionais obtidas polos/as aspirantes presentados/as aos exercicios da fase de oposición do citado proceso selectivo.

Terceiro. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da súa publicación, unicamente de existiren erros na confección aritmética da puntuación obtida.

A reclamación deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e deberá dirixirse á sede do tribunal para os efectos de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2014

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos

